



6º Educación Infantil

# Día das letras galegas 2022

# FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córgomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.
En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

Deuse a coñecer como poeta co seu libro *Bebedeira*, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

En México foi un dos fundadores da revista *Vieiros*, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista e da *Hora de Galicia*, un programa de radio que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos.
Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



Florencio e o seu irmán Edmundo. (Ca. 1907)



Florencio Manuel Delgado Gurriarán

COLOCA CADA LETRA ONDE LLE CORRESPONDE E COMPLETA O NOME DO AUTOR HOMENAXEADO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

**FL__R__NC__ __ D__LG__D__**



| E | O | E | O | I | A | O |
|---|---|---|---|---|---|---|

RECORTA E COMPÓN O CREBACABEZAS DE FLORENCIO DELGADO.









# MUIÑADA

O SOL, BARIL MUIÑEIRO,
PINGOTAS DE CHOIVA MOE,
O ARCO DA VELLA PENEIRA
FARIÑA D ESETE CORES.

OS BRANCOS FOLES DAS NUBES,
A LOMBO DAS SERRAS VAN
CARA AO MUÍÑO DO CEO
PARA MOER O SEU GRAN.



DEBUXA A PAISAXE QUE DESCRIBE O POEMA.

O SOL, BARIL MUIÑEIRO,
PINGOTAS DE CHOIVA MOE,
O ARCO DA VELLA PENEIRA
FARIÑA DE SETE CORES.

OS BRANCOS FOLES DAS NUBES,
A LOMBOS DAS SERRAS VAN
CARA AO MUIÑO DO CEO
PARA MOER O SEU GRAN.

ORDENA O PROCESO PARA FACER PAN: RECOLLER OS GRANS, MOELOS NO MUÍÑO, PENEIRAR A FARIÑA, AMASAR E ENFORNAR O PAN.







COMPLETA A FICHA DE COMO SE ELABORA O PAN.



ESCRIBE O NOME DAS PALABRAS QUE FALTAN.



O ______ , BARIL MUIÑEIRO,



PINGOTAS DE ______ MOE,



O ______ PENEIRA






______ DE ______ CORES.

FARIÑA

SETE

SOL

CHOIVA

ARCO DA VELLA

FACEMOS UN ARCO DA VELLA?
EXPERIMENTO CIENTÍFICO COAS CORES DO ARCO DA VELLA.

https://www.youtube.com/watch?v=fSAPPblunPM



ACTIVIDADE EN GRUPO. ESCRIBIR O NOME DE PROFESIÓNS QUE RIMEN CON MUIÑEIRO. PODEDES ESCOLLER DAS DA BOLSA.

# MUIÑEIRO

BOMBEIRO





CONTA AS NUBES QUE HAI EN CADA GRUPO. ESCRIBE O SEU NÚMERO E COLOREA.



COMPLETA ESTES VERSOS DE FLORENTINO DELGADO USANDO AS PALABRAS QUE ESTÁN DENTRO DA LÚA. COLOREA.






A SEÑORA ______,

______ MUIÑEIRA,

QUE ANDA NOUTRA ______

COAS MOZAS ______.

ACTIVIDADE DE MATEMÁTICAS. CUNHA BÁSCULA PESAR FARIÑA, UN LIBRO, O BOCADILLO, A GOMA... DESPOIS PESAR OUTRO OBXECTO E ANOTAR NA FICHA O SEU PESO.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
|  |  **FARIÑA** |  **LIBRO** |  **BOCADILLO** |  **GOMA** |
| **PESO** | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
|  |  **PELOTA** |  **REFRESCO** |  **CALZADO** | |
| **PESO** | | | | |

APRENDEMOS UNHA CANCIÓN? CREA E APRENDE UN BAILE PARA ESTA CANCIÓN. SABERÁS REPRODUCILA CON INSTRUMENTOS?

Canción MUIÑEIRA DE LIMIÑOA de Xabier Díaz e Adufeiras.

https://www.youtube.com/watch?v=Jj6MYzAKgL0




